El año 2004 ha sido un año fructífero para la banda municipal de música, ya que ha llevado su actividad musical y cultural a un punto importante dentro de su nivel de exigencia.

El año comenzaba participando en los actos que el Concello organiza a raíz de las celebraciones navideñas, así pues, el primer acto que tuvimos fue la cabalgata de reyes, acto en el cual, la banda municipal con todos sus componentes salió a las calles de Betanzos acompañando a la comitiva que participaba en el desfile. En ese mismo mes de enero, la banda municipal también participó en un encuentro de música con nuestros ancianos en la residencia de la tercera edad compartiendo una tarde de música junto a la agrupación de pulso y púa “Carlos Seijo”.

Ya a finales del mes de enero la banda se embarcó rumbo Lanzarote, isla en la cual el municipio de Tías nos había invitado a participar en las fiestas de la Candelaria. Pasamos una semana en Puerto del Carmen, y además de participar en los actos que el municipio de Tías nos tenía preparado, todos los integrantes de la banda municipal aprovechamos para conocer un poco la isla a través de diversas excursiones que nos tenían programadas. Pero a parte de las diversas excursiones, la banda municipal dio muestra de su buen hacer en la procesión de la virgen de la Candelaria y en un encuentro de bandas de música en el cual además de la banda organizadora

y la banda municipal de Betanzos también participaba la banda de Yaiza. Una vez más el pueblo de Tías y todos los asistentes al acto nos demostraron su afecto a través de una enorme ovación que hizo ponerse al teatro municipal de Tías en pie, llamando de orgullo a todos los componentes de nuestra banda.

Al cabo de una semana, la banda regresó a Betanzos con las maletas cargadas de energía para seguir trabajando. Y así fue, nada más llegar empezamos a preparar lo que sería nuestro concierto del socio, acto que tuvo lugar en el mes de marzo. El concierto del socio consiste en que los miembros de la banda, a través de lo que mejor sabemos hacer, que es la música, queremos agradecer el apoyo que nos prestan los socios a través de la asociación amigos de la banda, de tal modo que en este mes solemos realizar un concierto y acto seguido la banda les invita a un vinoespañol como modo de agradecimiento.

Ya en el mes de abril, la banda municipal de Betanzos salió de nuevo a la calle para dar muestra de su buen hacer acompañando a las procesiones de Semana Santa.

El mes de mayo lo dedicamos a preparar lo que sería nuestro encuentro de bandas municipales, invitando a su vez a la banda municipal de Padrón y a la banda municipal de Sada. El encuentro tuvo lugar a principios del mes de junio y tuvo carácter de broche de oro para los actos programados por el Concello con motivo del “Día das Letras Galegas”.

Ya llegando al mes de agosto, los miembros de la banda, con sus directores al mando, nos pusimos a



preparar lo que sería el concierto “Cidade de Betanzos”, que se celebra todos los años el día 13 de agosto, y es un concierto en el que participan las tres agrupaciones musicales de Betanzos, la Coral Polifónica, la agrupación de pulso y púa “Carlos Seijo” y la Banda municipal de música.



Acto seguido, la banda volvió a salir a la calle para participar en los actos programados por el concello durante las fiestas patronales, siendo estos en los tres primeros días de las fiestas. No obstante, estos días fueron unos días intensos para todos los componentes de la banda, ya que nuestros compañeros de la banda municipal de Tías nos devolvieron la visita para participar así en las fiestas patronales.

En el mes de septiembre, la banda municipal participó en la procesión de la virgen de los Remedios, procesión que transcurre en el barrio de los Remedios y parte de el Puente viejo. No obstante, este año la procesión tuvo que ser suspendida por motivo de lluvia, siendo propuesta para una semana más tarde.

Ya en el mes de octubre, la banda municipal participó en los actos organizados por la Guardia Civil para honrar a su patrona, la virgen del Pilar. En esta ocasión, la banda municipal ofreció un concierto en el aula municipal de cultura.

Y llegamos ya al mes de noviembre, un mes importante para todos los miembros de la banda, pero no solo para los componentes, sino para los que en este mes entrar a formar parte de la misma, ya que en este mes, y honrando a nuestra patrona Santa Cecilia, la banda municipal ofrece un pasacalles en el cual va recogiendo a los nuevos integrantes en sus domicilios y acto seguido nos dirigimos a la iglesia para escuchar misa en honor a nuestra patrona. Ya por la tarde, los componentes de la banda y los nuevos integrantes ofrecimos un concierto en la iglesia de San Francisco al que llamamos “Concierto de la ilusión” ya que es un concierto que preparamos cuidadosamente y en el cual nuevos músicos debutan ante nuestro público y con nuestra banda.

Una vez pasado el concierto de la ilusión, llegamos al mes de diciembre, un mes en el cual la banda cierra su temporada ofreciendo un concierto a todo nuestro público, concierto que todos conocemos como Concierto de navidad y en el cual la banda

ofrece una parte un poco más lúdica interpretando obras de carácter más popular, al igual que villancicos ayudados por los miembros del coro del conservatorio de Betanzos.

Y de este modo, la banda municipal de nuestra ciudad empieza una nueva andanza a través de su música.

CRUZ VERMELLA DE BETANZOS

SOCORROS E EMERXENCIAS

Durante o 2004 Cruz Vermella de Betanzos realizou un total de 38 servizos preventivos en 11 concellos, A Coruña, Aranga, Bergondo, Betanzos, Cabanas, Cesuras, Irixoa, Ferrol, Monfero, Paderne, Vilarmaior, en diferentes actividades deportivas, competicións, feiras, festas e festivais musicais..., coa participación de 15 voluntarios/as.

INTERVENCIÓN SOCIAL

1. APOIOS SOCIEDUCATIVOS Á INFANCIA. O Apoio Escolar leva en marcha dende 1998. A idea de poñelo en marcha xurde cando se detecta a necesidade dalgúns menores do concello de Betanzos de levar unha supervisión e control dos estudos, procurando unha educación integral do neno/a a través de actividades e experiencias didácticas.

Este ano as clases impartíronse os luns, mércores e xoves de 16:30-18:30 en dous turnos, dependendo das idades. Como novidade este verán o Apoio tivo continuidade durante todo o mes de Xullo. O que se pretende é prestar unha atención individualizada ó considerar que apoio persoal da mellores resultados. Pasaron polo proxecto 17 alumnos/as de once familias de Betanzos, con idades entre 4 e 17 anos. Os obxectivos a acadar son os de proporcionar axuda suficiente para realizar as tarefas escolares,

motivar a unha actitude positiva hacia a escola, animar á lectura, educar para a convivencia, controlar o absentismo escolar e prestar axuda a familias que non poden ou non saben como proporcionar este tipo de apoio ós seus fillos/as.

A parte dos contidos escolares, preténdese fomentar outros aspectos, como o xogo, a comunicación, o respecto polos demais, facendo diferentes actividades ó longo do curso como xogos, festas de nadal e fin de curso, ludotecas, campamentos...

2. AXUDA A DOMICILIO COMPLEMENTARIA. Programa que conta con tres usuarios e tres voluntarios/as que fans tarefas de acompañamento dentro e fora da casa, e tamén lles axudan coma facer a compra ou leerlles o xornal.

3. ALIMENTOS PARA A SOLIDARIDADE. Na primeira fase (maio-xuño) repartíronse 3.108,4 Kg. entre 71 familias (233 persoas) e na segunda 3.863,6 Kg. entre 58 familias (171 persoas), contando con 9 voluntarios/as pertencentes a Servizos Sociais, Cruz Vermella Xuventude e Socorros e Emerxencias.

Como Entidade de reparto, esta Asamblea Local realizou a entrega de alimentos atendendo ás peticións recibidas dende os Servizos Sociais Municipais e dende outras Entidades coma Cáritas. Como en anos anteriores, entregáronse alimentos á Fundación Raiola e o Colexio Sagrado Corazón.

4. XORNADAS DE SENSIBILIZACIÓN Ó VOLUNTARIADO. Dende hai uns anos a demanda de maiores cuotas de implicación dos xóves en relación ós novos retos sociais que se presentan na actualidade fai que Cruz Vermella poña en marcha e asegure mecanismos que sexan capaces de articular a resposta dos xóves ante estas situacións. En colaboración co Concello de Bergondo, realizou unha campaña de sensibilización hacia os máis xóves, fomentando valores como o respecto e a solidariedade.

Estas xornadas estiveron dirixidas ós nenos/as que cursan 1º e 2º de ESO do Colexio Cruz do Sar de Bergondo no mes de Xaneiro. O que pretendieron as dúas voluntarias que as impartiron foi sensibilizar a través de dinámicas (relacionadas con accións que realiza Cruz Vermella) para fomentar valores como o traballo en equipo, a solidariedade e o compromiso voluntario; informar sobor do valor, as

oportunidades e a necesidade de participación voluntaria; comunicar os ideais da Cruz Vermella ós máis xóves, dar a coñecer as súas actividades; atraelos para que colaboren en programas de voluntariado; potenciar a convivencia e a participación,...

5. TALLER DE HABILIDADES NO FOGAR. A desigual distribución da riqueza e o diferente crecemento e desenvolvemento económico repercute especialmente nas condicións de vida dos colectivos máis vulnerables. O aumento do paro é importante, sobor de todo entre as mulleres e os traballadores maiores de 45 anos e con escasa cualificación profesional; o incremento da inmigración de cidadáns procedentes de países en vías de desenvolvemento, a maioría de forma irregular, e de emigrantes retornados, obñgalles a vivir en condicións bastante lamentables; e as persoas maiores cada vez van sendo máis numerosas no noso país. Unha boa parte deles perciben recursos económicos moi limitados, e requiren unha maior atención en materia de saúde e sofren situacións de illamento e soidade como consecuencia dos cambios nos modelos familiares.

Dende hai anos Cruz Vermella Española pon en marcha o Programa “Alimentos para a Solidaridade” para prestar puntualmente unha axuda a estes colectivos. Pero sabemos que esta axuda puntual non é dabondo polo que dende esta Asamblea Local puxose en marcha un taller de habilidades no fogar para que estas persoas autoxestionen mellor os seus recursos e que adquiran unhas pautas de alimentación, hixiene e habilidades sociais adecuadas que lles permitan integrarse mellor no día a día.

Este programa está incluído nos plans de acción social de CVE, concretamente no Proxecto Integral de Loita contra a Marxinación e Exclusión Social, e os destinatarios/as deste taller son usuarios do Programa “Alimentos para a Solidaridade”. Os obxectivos son adquirir e desenvolver a capacidade de autoxestión para acadar unha autonomía persoal, e tamén descubrir e adquirir novos hábitos saudables, identificar os perigos no fogar e actuar correctamente, mellorar a súa actitude para enfrentarse a súa realidade persoal e social, potenciar o valor da educación para o consumo,...

O obradoiro comenzo o martes 29 de xuño e rematou o martes 13 de xullo. Catro voluntarias desta Asamblea foron as encargadas de impartir

as diferentes sesións, mentras os nenos/as das asistentes ó obradoiro quedaban nas actividades do Apoio Escolar.

6. PRÉSTAMO DE AXUDAS TÉCNICAS.

Este ano temos que destacar a doación dunha cadeira de rodas e máis dun andador, así coma a xestión nas consultas e peticións que se fan á Cruz Vermella por parte das familias con enfermos dependentes.

FORMACIÓN EXTERNA

Ó longo do ano 2.004 realizáronse un total de tres cursos directamente desde esta Asamblea, dous en colaboración co Concello de Coirós; e realizouse a docencia dun módulo nun curso de Bergondo.

- CURSOS DE PRIMEIROS AUXILIOS. Destinado á poboación en xeral que desexe adquirir coñecementos sobre os primeiros auxilios e o socorrismo en xeral, celebróuse os sábados entre o 28 de febreiro e o 3 de abril, cunha duración de 42 horas. Impartido pola médico e voluntaria Graciela González Belmonte, tratáronse temas coma a autoprotección, responder ante algunhas situacións de urxencia, accidentes domésticos,...

- CURSO DE MOVILIZACIÓN DO PACIENTE E PREVENCIÓN DE LESIÓNS. Destinado tanto ós celadores e persoal sanitario en xeral, coma a poboación en xeral, tivo lugar no mes de xuño, cun total de 62 horas, impartido tamén por Graciela González Belmonte, nel viuse como tratar e mobilizar ó paciente en urxencias, cambios posturais e hixiene corporal, mover e acomodar ó enfermo encamado e á cadeira, en traumatoloxía, en U.C.I., politraumatizado e enfermos hemipléjicos, traslados,...

- CURSO DE FORMACIÓN EN PERSOAS MAIORES. Orientado a auxiliares de axuda a domicilio, coidadores e á poboación en xeral interesada en acadar uns coñecementos sobre o tema, tivo unha duración de 40 horas no mes de decembro. As docentes Alma Garabana e Chelo Vázquez trataron temas coma as situacións de Terceira Idade en España, a súa saúde e enfermidades físicas ou psíquicas, a mobilización, hixiene, hábitos saudables, tempo de lecer,.... Este curso foi recoñecido pola Consellería de Asuntos Sociais como de *Interese no eido dos Servicios Sociais*.

- II CURSO DE VOLUNTARIADO SOCIAL EN BERGONDO. Impartido polas docentes Chelo Vázquez e Iria Santamariña no

mes de xullo, contou con 25 prazas, e vírense temas coma a comunicación interpersoal, escoita activa, estratexias para afrontar situacións difíciles, ...

- CURSO DE PRIMEIROS AUXILIOS (Coirós). Entre os meses de febreiro e maio, foron 20 horas nas que os participantes viron e practicaron as mellores formas de actuación ante unha situación de emerxencia con feridos ou enfermos. A docente foi Graciela González Belmonte.

- CURSO DE ATENCIÓN A ENFERMOS DE ALZHEIMER (Coirós). No Local Social de Ois, Chelo Vázquez traballou cos 17 alumnos/as sobor das enfermidades mentais e os diferentes transtornos psicopatolóxicos, incidindo sobor do Alzheimer, a súa evolución, tratamentos, cuidados, repercusións, a familia do enfermo,...

- CHARLA DE PRIMEIROS AUXILIOS (Cesuras). En colaboración co Concello de Cesuras, impartíuse unha charla de Primeiros Auxilios no Curso de Auxiliar de Axuda a Domicilio, no mes de decembro pola docente María José Romero Fraís.

FORMACIÓN INTERNA

Os voluntarios/as e persoal técnico da oficina da Cruz Vermella de Betanzos, tamén acudiron a diferentes cursos de formación ó longo deste ano.

-VIII, IX, X e XI Xornadas de Desenvolvemento Local e Cursos de Formación Básica Institucional e Planificación de Proxectos de Intervención Social, no Centro de Formación de Cruz Vermella da Coruña.

- Obradoiro de Internet e Xestión para asociacións, no CEIP Vales Villamarín.

- XVIII Escola de Verán de CRJ en Tarragona, á que foron tres voluntarios de Xuventude que participaron nas Áreas de Saúde, Medio Ambiente e Socorro.

- I Encontro Provincial de Voluntariado no Albergue de Gandarío. Un voluntario.

CAMPAÑAS E EVENTOS VARIOS

1. DÍA DA BANDEIRIÑA. O día 1 de Maio, como xa é tradicional, celebrouse o “Día da Bandeiriña”, que cada ano é posible gracias á colaboración desinteresada de voluntarios/as doutras asociacións de Betanzos: Asociación de Mulleres Rurais “Liafail”, Asociación Española contra o Cancro, Cáritas, e a Asociación de Amas de Casa. Participaron 13 voluntarios/as de tódalas áreas desta Asamblea.

2. SORTEO DO OURO. O 21 de xullo celebrouse en Pamplona o popular Sorteio do Ouro de Cruz Vermella Española, que é unha das principais fontes de ingreso desta Entidade, e que contou coa colaboración de 17 voluntarios/as e de varios establecementos.

3. SORTEO DE LOTERÍA EXTRAORDINARIO DE NADAL.

Como novidade con respecto a outros anos, cabe sinalar a venda de participacións para o sorteo de Lotería Extraordinario de Nadal que se celebra o día 22 de Decembro. O número co que se participou foi o 53371, e contou coa colaboración de 7 voluntarios/as.

4. DÍA MUNDIAL DO VOLUNTARIADO. Xunto con outras sete asociacións de voluntarios de Betanzos: Cáritas, Manos Unidas, Hermanas Hospitalarias do Sagrado Corazón de Xesús, Intermón Oxfam, Asociación de Loita Contra o Cancro, Asociación Xuvenil Brigantium, e o Voluntariado do Concello, celebrouse, na Plaza da Constitución, o Día Mundial do Voluntariado, o 5 de Decembro.

Este día repartíuse un manifesto do Voluntariado, realizado conxuntamente por tódalas asociacións, e cada unha informou acerca das súas actividades. Voluntarios/as de Cruz Vermella Xuventude realizaron xogos para os máis pequenos/as que se achegaban ata a Praza do Campo.

5. CAMPAÑA “PON O TEU MÓBIL ONDE MÁIS SE NECESITA”. Campaña lanzada por Cruz Vermella e Entreculturas (Alboan no País Vasco e Navarra), que pretende a recollida de teléfonos móbiles para xerar recursos para os seus programas de educación e desenvolvemento en sectores desfavorecidos en países do Sur e contribuír á conservación do medio ambiente. Dende o 7 de setembro e baixo o lema «Pon o teu móbil onde máis se necesita», busca dar utilidade social ós móbiles que xa non están en servizo, para crear unha nova vía de obtención de recursos para apoiar proxectos sociais, informar á sociedade sobre as necesidades máis acuciantes dos países do Sur, sensibilizar á poboación española sobre a necesidade de coidar o Medio Ambiente e implicar a empresas e institucións.

A loxística de recollida, reciclaxe e recuperación dos móbiles corre a cargo de CMR, Corporate Mobile Recycling Ltd., unha compañía do Reino Unido especializada na

xestión ecolóxica de residuos de móbiles fora de uso e na recuperación e posta a punto de terminais viables. CMR é colaboradora habitual de outras ONG en campañas solidarias. Esta compañía recolle e analiza estes terminais. Se o móbil non funciona ou é moi vello, o recicla según os protocolos de protección medioambiental e tratamento de residuos perigosos, asumindo o coste do proceso. Se o móbil funciona ben ou é reparable o recupera para reutilizalo e contribúe ós fins de Entreculturas e Cruz Vermella cunha cantidade acorde ós prezos de mercado. Para colaborar, pódense deixar estes móbiles nas caixas da propia oficina da Cruz Vermella, na Casa da Xuventude de Betanzos, e na Oficina de Información Xuvenil do Concello de Sada.

CRUZ VERMELLA XUVENTUDE

Neste ano cabe destacar o nomeamento de tres voluntarios/as desta Asemblea en diferentes postos a nivel estatal e provincial:

-Santiago Mosquera Faraldo, no mes de setembro foi elixido membro da Comisión Estatal de Saúde de Cruz Vermella Xuventude.

-Almudena Fernández González e Emilio Francos López, foron elixidos, no mes de Decembro, Directora e Vicedirector Provincial de Cruz Vermella Xuventude respectivamente.

1. CAMPAÑA DE RECOLLIDA DE XOGUETES

Baixo o lema “Desarma os teus xogos” esta campaña 2003-04 de recollida de xoguetes presentouse na Asemblea Local de Betanzos polos voluntarios de Cruz Vermella Xuventude. Dende CVX trabállase pola igualdade, a xustiza social e os dereitos da infancia, promovendo unha resposta social solidaria, como é a entrega de xoguetes novos e non bélicos ós nenos e nenas pertencentes a familias de colectivos vulnerables. Ademais trátase tamén de sensibilizar e concienciar á cidadanía sobre as situacións de desigualdade social que nos rodean. Como noutros anos incidíuse en que os xoguetes fosen novos, educativos, non bélicos e non sexistas. Novos porque non se debe nin se pode establecer diferenciacións entre familias con diferentes recursos; educativos porque un xoguete non só debe de se ser para xogar senón que debemos de ver en él unha ferramenta máis para educar; non bélicos, porque se pretende educar en e pola paz; e non sexistas porque non se debe establecer

diferenciacións entre sexos. Tamén se recolleron xoguetes usados que eran educativos e estaban en moi bo estado.

Esta campaña pode situarse maioritariamente no Concello de Betanzos, aínda que tamén se beneficiaron nenos/as de Concellos como Paderne, Coirós, Miño, Irixoa, Bergondo e Aranga, e tamén un grupo de nenos/as da Asociación coruñesa Remar.

Ós particulares deusellesses cumprida información da Campaña persoalmente a todos os que acudiron a preguntar ou a doar xoguetes, e ós comerciantes entregóusellesses unha carta e un díptico explicativo que contiña información básica, e tamén se lles informou que non só se pretendía recoller xoguetes, senón tamén calquera produto do seu comercio, coa fin de abarcar máis idades e agasallar roupa e complementos.

Esta campaña de xoguetes desenvolveuse nos meses de decembro de 2003 e xaneiro de 2004. Oficialmente, comezou a principios de decembro, cando chegou a documentación da campaña (dossier informativo, carteis e dípticos), e logo presentóuse a todos os voluntarios/as participantes, que se puxeron a traballar coa fin de que todo estivese listo para que o día 5 de xaneiro poideranse entregar os xoguetes ós pais dos nenos/as beneficiados. Os destinatarios foron 133 nenos/as con idades comprendidas entre os 0 e os 17 anos. Un 53% pertencían ó Concello de Betanzos, mentras que un 47% facían a municipios cercanos, como Coirós, Paderne, Miño, Irixoa, Bergondo e Aranga. Contóuse coa axuda de 9 voluntarios/as: Bea, Cecilia, Ana, Graciela, Alexandre, Alma, Almudena, Chelo e Iria. Recolléronse xoguetes nos comercios, no local da Vermella, e no campo de fútbol García Hermanos para recoller as doazóns feitas polo Betanzos C.F.

A valoración da campaña deste ano foi moi positiva xa que se incrementaron notablemente o número de usuarios e de doazóns recibidas. En total foron 78 os comercios colaboradores e todos eran de Betanzos.

2. CAMPAÑA “ESCOLAS, PONTES DE SOLIDARIDADE”

Cruz Vermella Xuventude aposta pola creación da Área de Educación para o Desenvolvemento e Cooperación Internacional, fortalecendo a implicación da asociación no marco da cooperación internacional con accións



específicas de participación e acción. Deste modo, CVX de Betanzos desenvolve a súa labor nesta área a través de diferentes vías, como é a da Cooperación Internacional, cós obxectivo de reducir a vulnerabilidade da infancia e xuventude en situacións de desastres naturais e desigualdade, fortalecendo en tódolos casos as Sociedades Nacionais onde se actúa, e impulsando actividades vinculadas ás grandes crisis humanitarias e ás campañas de recadación de fondos que apoien: Axuda Humanitaria, Cooperación para o Desenvolvemento e Cooperación Institucional.

A Campaña “Escolas, Pontes de Solidaridade” queda así enmarcada nestas actuacións cós propósito de fortalecer as capacidades da infancia e xuventude, nesta ocasión de Colombia e Mozambique, propiciando o desenvolvemento dunha sociedade menos vulnerable. A gravidade da situación en determinadas zonas xeográficas que sofren pobreza estrutural afectadas por desastres naturais ou conflitos armados, lévanos a pensar nun dos colectivos máis vulnerables que poden ser afectados, a infancia e a xuventude, así como a repercusión nun dos procesos fundamentais para o seu desenvolvemento persoal e comunitario: a educación.

A educación non só implica un proceso de ensinanza e aprendizaxe académico, senón un

desenvolvemento integral da persoa, a nivel social, cognitivo e afectivo. O feito de que millóns de nenos/as non poidan participar dos procesos educativos, da posibilidade de relacionarse no seu lugar de convivencia e da disponibilidad dos recursos mínimos é un problema que preocupa prioritariamente a CVX.

Por iso, non só quere basar as súas accións en intervencións de sensibilización e educación no noso país, senón que entende que é necesario colaborar, a través da infancia e xuventude españolas, para que outros nenos e nenas disfruten axeitadamente dos seus procesos educativos no marco doutros proxectos de Cooperación Internacional de Cruz Vermella. Con esta Campaña pretendía sensibilizar ós alumnos de primaria do Colexio Público Cruz do Sar sobor das situacións sociais e educativas de Mozambique a causa da pobreza, desastres naturais ou consecuencia de conflitos armados, e dotar dos materiais escolares mínimos ós nenos e nenas daquel país. Os destinatarios desta campaña son dous, os de España, neste caso os 149 alumnos do colexio Cruz do Sar que cursan 3º, 4º, 5º e 6º de Primaria e 1º da E.S.O, e os do material escolar, dos que podemos sinalar que son 9.000 nenos e nenas en idade escolar de Mozambique pertencentes ás provincias de Manica, Nampula e C. Maputo.

Foi unha campaña moi positiva, tanto pola implicación dos voluntarios como pola colaboración do colexio e da participación dos alumnos; así como polo material recollido. En total participaron 150 alumnos/as do C.E.I.P Cruz do Sar de Bergondo, e enviáronse 113 bolsas con material escolar.

3. XORNADA DE EDUCACIÓN VIAL NO COLEXIO SAGRADO CORAZÓN

No colexio de Educación Especial Sagrado Corazón de Betanzos tiveron lugar, 12 e 19 de Maio, unhas xornadas adicadas á educación vial, a través de dinámicas adaptadas ós destinatarios/as das mesmas, un total de 50 rapaces/as aprenderon diferentes aspectos da educación vial con sete voluntarios de CVX: Santi, María, Alma, Alexandre, Blanca, Alicia, e Chelo

4. XOGOS TRADICIONAIS NA VII FEIRA FRANCA MEDIEVAL

Un ano máis, Cruz Vermella Xuventude, colaborou có Concello de Betanzos na VII Feira Franca Medieval. Oito voluntarios animaron a mañá do día 11 de Xullo ós máis novos a participar

en xogos tradicionais, tales como carreira de sacos, carreira de relevos de ovos, tirar da corda ou a intentar coller unha mazá colgada dunha corda sen utilizar as mans.

5. DÍA MUNDIAL DA S.I.D.A.

Con motivo do día Mundial da S.I.D.A. o un de decembro, CVX sumouse a este día pendurando un gran lazo vermello do balcón no edificio do cine Alfonso de Euzkadi en colaboración có Concello de Betanzos. Tivo tamén un posto informativo na oficina da Vermella e colgou outros lazos e información neutros puntos coma a Casa da Xuventude, a biblioteca, os centros educativos de secundaria, no centro social, ...Durante ese día houbo un posto informativo na oficina de Cruz Vermella.

6. CAMPAÑA DE DIFUSIÓN E PROMOCIÓN DA EDUCACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO NA INFANCIA E XUVENTUDE (“Cadernos de Abel”)

Esta campaña consistiu nunha serie de accións destinadas a sensibilizar a nenos/as para comprender a realidade do mundo no que vivimos e a importancia da Cooperación Internacional e da Educación para o Desenvolvemento, para aprender a compartir e traballar entre todos e todas para construír un mundo mellor.

Esta acción está enmarcada nas accións do ano 2004 de sensibilización e Educación para o Desenvolvemento da Estratexia 2001- 2004 de Cruz Vermella Española e a Axencia Española de Cooperación Internacional (AECI).

Os obxectivos foron reforzar os valores de solidariedade e cooperación nos nenos e nenas de 6 a 12 anos, fomentar a tolerancia e a solidariedade con outras persoas e pobos, o respecto hacia outras formas de vida e a cooperación como forma de traballo, e a importancia e necesidade das accións da cooperación internacional e da educación para o desenvolvemento.

Participaron os Colexios C.E.I.P. de Curtis, onde participaron 39 nenos/as de 5º e 6º de Primaria, e o C.E.I.P. “Virxe da Cela” de Monfero, con 41 nenos/as de 5º e 6º de Primaria. Para a realización desta actividade, contou coa colaboración de seis voluntarios/as.

Cruz Vermella Xuventude de Betanzos quere agradecer a todos as colaboracións e apoios que cada ano prestan as institucións, concellos, asociacións, medios de comunicación, anónimos e voluntarios/as ós proxectos que desenvolve, pois sen cada un deles non podería levar a bon porto todas estas actividades. Gracias.